

# VII Congreso

Confederación  
Intersindical  
Galega



- **Regulamento das sesións do congreso**
- **Relatorio de organización**
- **Modificacións estatutarias**

27-28 maio 2017



**Sindicalismo Nacionalista e de clase**



# VII Congreso

Confederación  
Intersindical  
Galega



- **Regulamento das sesións do congreso**

27-28 maio 2017



**Sindicalismo Nacionalista e de clase**



# Regulamento VII Congreso

1  
2  
3  
4  
5  
6  
7  
8  
9  
0  
11  
12  
13  
14  
15  
16  
17  
18  
19  
20  
21  
22  
23  
24  
25  
26  
27  
28  
29  
30  
31  
32  
33  
34  
35  
36  
37  
38  
39  
40  
41  
42  
43  
44  
45  
46  
47

## Artigo 1.- Orde do día

1. Recepción dos/as congresistas. Entrega de credenciais, relatorios, informe da Executiva Confederal, informe de Contas e informe da Comisión de Garantías.

2. Debate e votación do Regulamento das sesións congresuais.

3. Apertura do Congreso.

4. Informe da Executiva Confederal (levará adxunto o informe de Contas). Debate e votación.

5. Elección da Mesa Presidencial.

6. Relatorio de organización e estatutos. Debate e votación.

7. Relatorio base. Debate e votación.

8. Eleccións.

9. Resolucións especiais.

10. Sesión de clausura.

Os horarios, descansos, etc., para o desenvolvemento desta orde do día fixaraos a Mesa presidencial, a proposta da Comisión de Organización do 7º Congreso.

## Artigo 2.- Servizo de organización

Existirá un servizo de organización, composto de afiliados/as non congresistas, que atenderán os aspectos técnicos e organizativos necesarios (reconto de votacións a man alzada, información ás/aos congresistas e convidados/as, control de acceso aos plenos e outros servizos). Este servizo artellarao a Comisión de Organización e, ao que se inicie o Congreso, estará baixo a responsabilidade da Mesa Presidencial.

## Artigo 3.- Mesa Presidencial

O Congreso estará presidido por unha Mesa Presidencial integrada por un total de 16 membros. Esta Mesa presidencial será elixida por 2/3 das e dos congresistas presentes, a proposta da Executiva Confederal. No caso de que a devandita proposta non acadase os 2/3, a Executiva fará novas propostas até un máximo de tres veces. De seguir sen se acadar maioría suficiente, poderá facerse outra proposta, a iniciativa de como mínimo o 20% dos/as congresistas; nesta votación será suficiente co apoio da metade máis un das e dos congresistas. A Mesa presidencial designará de entre os seus membros 7 persoas, unha para exercer de presidente/a, dúas para exercer as funcións de secretarios/as e catro para moderadores/as.

As votacións para formar a vontade da Mesa resolveranse por maioría e, no caso de empate de dúas votacións consecutivas sobre o mesmo tema, decidirá o pleno do Congreso.

Ademais das funcións que figuran neste Regulamento, a Mesa Presidencial exercerá como dirección da CIG até a elección da nova Executiva Confederal.

No caso de actuación anómala, a Mesa poderá ser revogada pola maioría simple do Congreso, a proposta como mínimo do 20% das e dos congresistas, podéndose presentar a proposta de revogación nun máximo de dúas ocasións.

A Mesa presidencial terá tamén a facultade de interpretación deste Regulamento.

## Artigo 4.- Mesa de relatores

O informe da Executiva Confederal será presentado e defendido polo Secretario Xeral da CIG.

1 Os relatorios de organización e de acción sindical serán defendidos polos seus respec-  
2 tivos relatores. No caso de existir algún relatorio alternativo, tras unha exposición por parte  
3 dos relatores ou relatoras tanto do relatorio oficial como do alternativo, serán sometidos a  
4 unha votación global do pleno do Congreso, quedando como relatorio base de debate a  
5 que obteña maior número de votos.

6

#### 7 **Artigo 5.- Sesións plenarias**

8 O Congreso desenvólvese totalmente en sesións plenarias e públicas. Porén, de se es-  
9 tablecer algún debate que a Mesa presidencial considere que polo seu carácter debe ser  
0 estritamente interno, esta poderá propor ao pleno do Congreso o declarar pechada algunha  
11 sesión, parcial ou totalmente, tendo que contar a devandita proposta co apoio da maioría  
12 simple dos e das congresistas.

13

#### 14 **Artigo 6.- Convidados/as e medios de comunicación**

15 As delegacións convidadas, as persoas convidadas a título individual e os medios de  
16 comunicación, poderán asistir a todas as sesións do Congreso, dependendo a súa atención  
17 da Mesa presidencial. Esta poderá realizar as roldas informativas que considere oportuno.

18

#### 19 **Artigo 7.- Votacións**

20 As votacións no Pleno realizaranse a man alzada, levantando as tarxetas de identificación  
21 as/os congresistas. Está exceptuada desta norma a elección de órganos e cargos, que se  
22 fará mediante papeletas secretas e individuais.

23

#### 24 **Artigo 8.- Emendas**

25 Cada emenda será defendida no pleno por cada un/unha dos/as portavoces nomeados  
26 para este fin nas asembleas comarcais de congresistas, en que foi debatida e suficiente-  
27 mente apoiada. Non se admitirán emendas in voce.

28 Os membros da Mesa que teñan emendas para a súa defensa deberán abandonala para  
29 intervir desde o pleno. As cuestións de orde non poderán motivar intervencións orais, senón  
30 que o/a congresista deberá pasarllas por escrito á Mesa, a cal resolverá de conformidade  
31 co sinalado no artigo 3.

32

#### 33 **Artigo 9.- Mecánica de debate no pleno**

34 A Mesa establecerá o tempo máximo dispoñíbel por relatores/as e portavoces, en cada  
35 caso, segundo os horarios prefixados para cada punto da orde do día.

36 O informe da Executiva Confederal, unha vez presentado, será sometido a debate en  
37 réxime aberto, distribuíndo a Mesa o tempo dispoñíbel entre todos/as os/as congresistas  
38 que queiran intervir. Unha vez rematada por parte do Secretario Xeral a súa quenda de  
39 respostas ás devanditas intervencións, o informe será sometido a votación do pleno, tendo  
30 que contar para a súa aprobación co apoio da maioría simple.

41 No tocante á dinámica de debate dos relatorios, farase unha exposición inicial por parte  
42 dos relatores/as indicando as emendas recibidas e as conclusións tiradas sobre estas.  
43 Seguidamente, pasarase á súa discusión, apartado por apartado, indicando por parte dos  
44 relatores/as aquelas emendas que foron admitidas, as propostas de transaccionais, se  
45 houber, e as que foron rexeitadas.

46 Con respecto ás emendas admitidas polos relatores/as, daranse por aceptadas, a non ser que  
47 calquera congresista queira manter o texto orixinal; neste caso someteranse a votación do pleno.

1        Respecto das transaccionais, unha vez escoitada a opinión do/da emendante, se esta  
2        fose aceptada por este e ninguén mantivese o texto orixinal, daríase por aprobada. Se a de-  
3        vandita transaccional fose rexeitada polo/a emendante ou alguén mantivese o texto orixinal,  
4        deberá someterse a votación do pleno tanto a transaccional como a emenda.

5        Respecto ás emendas rexeitadas, intervirán en primeiro lugar os/as portavoces das  
6        emendas para facer unha defensa destas e despois darán contestación aos relatores/as.  
7        A Mesa presidencial poderá establecer até dúas quendas de intervencións por emenda,  
8        segundo a importancia da emenda e o tempo dispoñíbel para debate desta.

9        De acordo cos Estatutos, para a modificación de determinados artigos as propostas ou  
10       emendas presentadas deberán obter apoio dos dous terzos dos/as congresistas presen-  
11       tes na votación; no caso de non ser así, as devanditas emendas decaerían. Finalmente, os  
12       relatorios definitivos, unha vez debatidas e votadas todas as emendas, someteranse a unha  
13       votación global do pleno, precisándose para a súa aprobación do voto favorábel da metade  
14       máis un dos e das congresistas.

#### 16       **Artigo 10.- Resolucións especiais**

17       Deberán presentarse por escrito diante da Mesa presidencial do Congreso, podendo  
18       facelo calquera congresista sempre que conte co aval de 60 congresistas presentes, algún  
19       dos seguintes organismos da CIG (Executiva confederal, Executivas de unión comarcal,  
20       Executivas nacionais de federación), nas referidas aos seus ámbitos de actuación. O prazo  
21       de presentación remata ás 20 horas do primeiro día do Congreso. A Mesa decidirá se a  
22       cuestión está xustificada e, nese caso, someteraa a debate do pleno, delimitando o tempo  
23       de debate, pasándoa finalmente a votación, tendo que contar para ser aprobada co apoio  
24       da maioría simple dos/as congresistas.

#### 26       **Artigo 11.- Elección de órganos e cargos**

27       A elección de órganos e cargos realizarase segundo as normas estatutarias que resulten  
28       aprobadas polo 7º Congreso da CIG. A Mesa comunicará ao Pleno do Congreso as candi-  
29       daturas presentadas e validadas pola Comisión de Organización do Congreso e resolverá  
30       as posíbeis reclamacións presentadas polas persoas promotoras daquelas candidaturas  
31       que non fosen validadas.

32       Aprobados os Estatutos, a Mesa comunicará ás persoas promotoras das distintas candi-  
33       daturas a necesidade das posíbeis correccións a realizar, de acordo coas normas estatutarias.  
34       O prazo para facer chegar á Mesa as posíbeis correccións estenderase, como máximo, até  
35       30 minutos despois de se iniciar a sesión da mañá do segundo día do Congreso.

36       A propia Mesa actuará de mesa electoral e os seus membros poderanse subdividir en  
37       varias mesas electorais para unha maior operatividade. As mesas farán o escrutinio publi-  
38       camente e a Mesa presidencial proclamará os resultados globais diante do pleno.

39       Cada candidatura poderá designar un/unha interventor/a en cada unha das mesas.

30       A Mesa presidencial habilitará todos os medios necesarios para unha correcta votación.

#### 42       **Artigo 12.- Actas, depósito e publicidade**

43       As actas do Congreso serán elaboradas e aprobadas pola Mesa presidencial. Depositaranse,  
44       na oficina pública correspondente, as actas parciais en que figuren a composición  
45       dos órganos electos e as modificacións estatutarias aprobadas.


46       Os relatorios e resolucións aprobadas no 7º Congreso serán editadas para coñecemento  
47       de toda a afiliación da CIG.





# VII Congreso

Confederación  
Intersindical  
Galega



- **Relatorio de organización**

27-28 maio 2017



**Sindicalismo Nacionalista e de clase**



## 1. Modelo sindical CIG

1

2

3

4

Estamos a vivir un momento político e económico no que o capitalismo está a afondar no seu modelo neoliberal, o cal vén acompañado da imposición dun proceso de precarización do mercado laboral a todos os niveis co que iso supón de recorte de dereitos, redución de salarios, incremento e flexibilización da xornada laboral, ritmos de traballo abusivos, incremento dos contratos a tempo parcial, substitución de emprego fixo por temporal, duplas escalas salariais, extensión da subcontratación en cadea, o aumento da figura dos falsos autónomos baixo a forma contractual de autónomo dependente, a individualización das relacións laborais, maior división e debilitamento da clase traballadora, etc.

11

12

No caso galego esta situación vese empeorada polo carácter de periferia económica que ocupa a nosa nación, o espolio do seu excedente enerxético e económico, a continua emigración de moita da súa mocidade, o avellentamento da poboación ou o forte proceso de españolización que está a vivir a sociedade galega nos últimos anos.

14

15

16

Esta realidade sociolaboral na que temos que afrontar o noso traballo sindical no presente, e tamén de cara ao futuro, xa que este é o modelo laboral que o capital ten deseñado para impor en toda a UE, se non conseguimos impedilo mudando a correlación de forzas a favor da clase traballadora, fai absolutamente imprescindible unha central sindical como a CIG, viva, dinámica, insubornábel, que practique un sindicalismo combativo, antipacto social, participativo, defensor dunha Galiza democrática e soberana, en definitiva, un sindicato cunha praxe moi coherente cos seus principios nacionalistas e de clase.

17

18

19

20

21

22

23

O noso é un modelo sindical cun forte carácter sociopolítico, cunha visión liberadora dos traballadores e traballadoras galegas, tanto na súa vertente de integrantes dunha clase social como na súa condición de cidadáns e cidadás dun pobo que é o galego. Polo tanto, a nosa loita comprende obxectivos de defensa dos intereses inmediatos da clase traballadora galega pero tamén obxectivos estratéxicos que pasan pola conquista dunha nova organización económica e social da sociedade galega nunha Galiza soberana e socialista, que sexa garante de dereitos e condicións de traballo e de vida dignos, dunha democracia real, de xustiza social, de igualdade de xénero, de normalización da nosa cultura e do noso idioma, dun reparto igualitario da riqueza, de independencia na toma de todas as decisións que afecten ao noso pobo, en definitiva, superadora da explotación de clase e nacional.

24

25

26

27

28

29

30

31

32

33

Poderemos afrontar esta loita contra o capital, nestas circunstancias tan difíciles e en toda a súa dimensión, vai esixir dos cadros da central sindical a todos os niveis, organismos de dirección e na empresa, e de forma especial nos liberados/as, unha boa formación no coñecemento da realidade e da normativa laboral e unha importante formación político-ideolóxica en todo o que ten a ver cos principios de clase e nacionalista da CIG e o que iso supón de compromiso militante no campo da esquerda e do nacionalismo, como parte fundamental que somos do movemento nacionalista galego. Só iso pode garantir que o sindicato non termine sendo vítima desta democracia burguesa española e dunha sociedade cada vez máis individualista, insolidaria, consumista, desideoloxizada e españolizada, como a que se está a promover por parte dos poderes políticos e dos grandes medios de comunicación ao servizo do capital financeiro.

34

35

36

37

38

39

30

41

42

43

44

A renuncia á politización, ideoloxización e compromiso militante dos cadros da central sindical, levaría consigo a despolitización e desideoloxización da nosa práctica sindical, das nosas análises e do enfoque dos propios conflitos laborais e, ao cabo do tempo, o abandono da loita de clases, da defensa da soberanía e do socialismo, para finalmente integrármonos

45

46

47

1 no sistema e convertérmonos nunha central sindical máis asimilada por este, que é o que  
 2 ocorre desgraciadamente cunha parte moi importante das organizacións sindicais europeas,  
 3 empezando polas maioritarias no Estado español.

4 É prioritario polo tanto o traballo de formación de cadros e a toma de conciencia, das/  
 5 os liberadas/os sindicais, de que son cadros político-sindicais, militantes do sindicalismo  
 6 nacionalista e de clase e non simples asalariados/as dunha organización que se dedica a  
 7 asesorar a traballadores e traballadoras diante dun conflito, un convenio ou unha reclama-  
 8 ción xurídica. Se un día iso ocorre, a CIG perdería a súa razón de ser.

9 A loita contra o individualismo e a insolidariedade, a conquista de dereitos, a mellora  
 0 das condicións de traballo e de vida, ou algo tan importante para o cambio social como é  
 11 a toma de conciencia de clase e nacional, non poden desvincularse da participación, da  
 12 realización de asembleas e da propia conflictividade laboral; por iso, unha práctica sindical  
 13 e uns cadros que fuxan deste tipo de dinámicas son contrarios ao modelo sindical que a  
 14 CIG representa e que a clase traballadora galega precisa.

15 Para que este modelo sindical que defende a CIG sexa eficaz ten que ir acompañado  
 16 dunha metodoloxía de traballo axeitada e rigorosa. Cómpre de novo insistir no que xa temos  
 17 tratado no anterior congreso e en numerosas reunións de cadros e de organismos. Moitas  
 18 veces o noso traballo sindical perde operatividade e rendibilidade como consecuencia de  
 19 caer en actitudes burocráticas e rutineiras. Hai que mellorar na planificación, seguimento e  
 20 constancia do noso traballo sindical, en todo o relativo aos convenios colectivos, á afiliación,  
 21 ás eleccións sindicais, á información e formación dos delegados e delegadas, á visita aos  
 22 centros de traballo, á execución e priorización das campañas, etc. É materialmente impos-  
 23 sible abarcar todo este traballo e facelo ben, se non lle dedicamos tempo a planificalo, a  
 24 colectivilo e a facerlle seguimento.

25

26

27

28

29

30

31

## 2. Sindicato é poder

32

33

34

35

36

37

38

39

40

41

42

43

44

45

46

47

Temos que pór en valor a importancia e o papel dos sindicatos como fonte de conquistas e de poder da clase traballadora fronte ao poder político e económico.

É un dato obxectivo que naquelas empresas e sectores onde a clase traballadora está máis organizada, onde os sindicatos de clase son máis fortes e existe unha práctica sindical combativa, as condicións salariais e laborais son mellores que naquelas outras empresas ou sectores onde iso non é así.

Iso sábese perfectamente a patronal, o poder, o capital, e por iso promoven un modelo de relacións laborais cada vez máis individualista e insolidario, que fomenta a división entre a clase traballadora e polo tanto maiores dificultades para a súa organización, ou por iso promoven campañas de desprestixio das organizacións sindicais de clase e fomentan, alí onde as circunstancias llo permiten, sindicatos amarelos ao seu servizo e controlados polas propia dirección das empresas.

Como facemos constar na primeira parte deste Relatorio, estase a conformar unha dupla realidade dentro da clase traballadora; unha, a dos sectores especialmente afectados pola deterioración das condicións de traballo e dos dereitos sociais, que cada vez se estende máis a todos os sectores; e outra, a dos sectores con traballo con certa estabilidade e dereitos.

1 Cómpre abordar estes cambios e adaptarse ás circunstancias nas que se poidan dar a  
2 nosa acción sindical, pero temos a obriga de impedir que a estratificación e fragmentación  
3 da clase traballadora leve consigo a desaparición do sindicato, da organización sindical, e  
4 facer imparábel a precariedade e a sobreexplotación actual.

5 Estas novas realidades nas que se manifesta a explotación laboral dificultan a nosa capa-  
6 cidade de resposta como clase; por iso debemos ter unha preocupación por concretar liñas  
7 de actuación coas que adaptarse para confrontar esta situación, xa que crear organización  
8 sindical (afiliación, seccións sindicais, representación sindical, etc.) e a fortaleza do sindi-  
9 cato é a garantía dos nosos dereitos e da mellora das nosas condicións laborais e salariais.

0 En todo caso, cómpre adaptarse facendo valer ao máximo a solidariedade de clase,  
11 reforzando a central sindical como a expresión viva e organizada, que ten estrutura e capa-  
12 cidade de iniciativa e de resposta.

13 A CIG somos unha organización que non se resigna á pasividade, que non fica na  
14 desmobilización, senón que acreditamos na nosa capacidade de enfrontar esta situación.

15 Exemplos como o das auxiliares de Telefónica, os/as traballadores autónomos de Frigo-  
16 louro, etc., son exemplos das novas realidades ás que temos que dar resposta, tirando de  
17 todos os medios legais e sindicais dos que dispoñemos.

18 Temos que aproveitar ao máximo, mesmo onde aínda non hai estrutura sindical, as virtua-  
19 lidades do noso modelo sindical, asentado na organización de asembleas de traballadores/  
20 as afectados/as, que definan táboas reivindicativas e representación sindical para actuar.

21 Para isto, é preciso, por unha banda, reforzar a base dos nosos piares fundamentais:  
22 o asemblearismo, a participación, a mobilización, a combatividade e a construción de or-  
23 ganización, para avanzar nas conquistas de dereitos e na transformación da sociedade.  
24 Por outra banda, temos que ser conscientes de que o noso traballo debe ser constante e  
25 permanente, que ten na loita e no conflito concreto o inicio para a toma de consciencia pola  
26 clase traballadora galega da nosa situación de explotación de clase e nacional, no obxectivo  
27 da transformación revolucionaria que o noso proxecto estratéxico defende.

28 Cómpre revisar e actualizar prácticas, e ter preocupación por sermos activos/as en de-  
29 batar e tomar iniciativas para a actuación nos centros de traballo.

30 Por iso, debemos ser colectivamente atrevidos/as á hora de lanzar as nosas alternativas  
31 e para termos presenza nos centros de traballo, sexa ante a problemática que sexa, mais  
32 oportunamente debatido e posto en común na dirección das seccións sindicais, das fede-  
33 racións e das comarcas. A nosa práctica sindical, individual e colectiva, debe ser, en todos  
34 os ámbitos da central sindical, coherente coa alternativa teórica e co discurso que temos;  
35 non pode ficar en creacións artificiosas, nin en grandes retóricas ou en aparencias radicais.

36 O recoñecemento e a credibilidade do noso modelo sindical esixe preocupación por  
37 sermos referentes, incrementar o noso dinamismo, mellorar o coñecemento do que sucede  
38 nos diferentes sectores e centros de traballo, atinar na formulación das alternativas concretas,  
39 en pórse á fronte das loitas sociais, encabezar a conflitividade social sexa na negociación  
30 colectiva, sexa para combater a precariedade, contra a destrución de emprego, etc.

41 Cómpre seguirmos traballando para ser un instrumento reivindicativo útil e capaz, que  
42 ten alternativas e solucións para a clase traballadora galega, que é quen de converter toda  
43 a conflitividade social en afiliación, en delegados/as sindicais e en organización.

44  
45  
46  
47

## 1 **2.1. A afiliación**

2

3

4

5

6

7

8

9

0

11

12

13

14

15

16

17

18

19

20

21

22

23

24

25

26

27

28

29

30

31

32

33

34

35

36

37

38

39

40

41

42

43

44

45

46

47

A afiliación constitúe un dos elementos fundamentais co que construír a organización, co que dar plasmación real ao noso proxecto. No interno, porque constitúe o sostén fundamental para termos estrutura sindical; no externo, para dar as oportunas respostas para unha mellor defensa dos intereses da clase traballadora galega.

É necesario termos en todo momento presente que manter a autonomía económica da central sindical é a garantía da independencia do noso labor sindical fronte ao poder económico e político.

Son perfectamente válidas todas e cada unha das propostas concretas que acordamos no anterior Congreso. E cómpre a súa actualización, mais ten que estar presente o continuo debate e liña de actuación que tivemos ao longo destes anos, especialmente desde o 2014, ante a necesidade de moitas medidas para facer fronte á caída afiliativa e á baixada das cotas de afiliación.

O medre afiliativo é pois unha necesidade vital para a central sindical. Son moitas as receitas que puxemos en práctica este anos; algunha resultaron, outras non, pero hai que insistir, e sobre todo, levalas adiante, revisando e rectificando os erros, omisións ou desleixos neste asunto que tiveron algunhas estruturas.

Resulta útil e positivo a este traballo que se fagan programacións anuais de obxectivos afiliativos, con seguimento trimestral: a revisión dos delegados/as sen afiliados, a evolución no asentamento nos centros de traballo nos que temos delegados/as, as campañas específicas en sectores e territorios, así como ter o afán por afiliados durante os conflitos nos que estamos.

É tamén de grande importancia facer máis rápida e organizada a nosa resposta ante as devolucións, coñecer e actuar ante as diferentes razóns polas que a afiliación causa baixa, etc.

En todo caso, os organismos de dirección en todos os ámbitos, incluíndo nas ordes do día das súas reunións, deberán facer o seguimento puntual e suficiente periodicidade para ir avaliando o grao de cumprimento.

27

28

29

30

31

32

33

34

35

36

37

38

39

40

41

42

43

44

45

46

47

## 29 **2.2. As eleccións sindicais**

30

31

32

33

34

35

36

37

38

39

40

41

42

43

44

45

46

47

Temos analizado noutra parte do Relatorio que a nosa capacidade de resposta á crise, á explotación e o empobrecemento, esixe estarmos organizados, e consolidarmos e ampliarmos a nosa representación.

Neste sentido, as eleccións de delegados/as son fundamentais para o día a día da nosa acción sindical, pero sobre todo para incidir e determinar nun dos nosos elementos fundamentais de loita e organización, que é todo o que representa a negociación colectiva.

Os progresivos e visíbeis avances nos resultados electorais neste período, chegando a porcentaxes históricas de representación a nivel nacional, así como nalgúns territorios e sectores, obedece a causas e razóns diferentes, mais cómpre salientar que algunhas destas son resultado tamén das rectificacións e da introdución de cambios profundos na planificación e no traballo electoral.

En todo caso, seguen sendo necesarias medidas para uniformar e unificar as liñas de actuación e as medidas en todo o que depende de nós para afrontarmos mellor o traballo das eleccións sindicais. Temos que rematar cos comportamentos burocráticos e as dinámicas acomodaticias.

O remate do proceso de maior concentración de eleccións significa o comezo do seguinte. Así é que xa estamos de feito inmersos no proceso iniciado en xaneiro de 2017 e que rematará en decembro de 2020. O proceso electoral é cada vez máis aberto e prorrógase máis no tempo,

1 e aínda que segue sendo o cómputo de catro anos, precisamos manter a tensión electoral  
 2 permanentemente, xa que ter un bo resultado segue dependendo dos períodos de máis  
 3 concentración dos últimos 15 meses, pero non abonda para medrarmos en representación.

4 Con tal fin, cómpre levarmos adiante toda unha serie de liñas de actuación, algunhas  
 5 xa acordadas no Congreso anterior, faladas estes anos en torno aos debates sobre os mé-  
 6 todos de traballo (e que neste Relatorio desenvolvemos), e outras como son as seguintes:

7 1.- Constitución da Comisión Electoral en cada Unión Comarcal, de puntual reunión mensual  
 8 (ou como punto na orde do día do Secretariado Comarcal) ao que obrigatoriamente  
 9 asistirán os/as liberados/as e axentes sindicais.

0 Precísase un seguimento mensual, mais é prioritario unha planificación semestral,  
 11 marcando obxectivos claros e concretos de visitas a empresas para a celebración de  
 12 eleccións, mesmo en empresas novas.

13 Urxe definirmos obxectivos concretos de intenso e variado traballo nas empresas que  
 14 non teñen representación. Neste sentido, cómpre dispormos dun censo de empresas  
 15 “brancas” o máis actualizado posíbel cos datos de empresas que anualmente nos entrega  
 16 a Seguridade Social.

17 Non podemos esquecer o traballo nas empresas con delegados e delegadas doutros  
 18 sindicatos. Este debe estar tamén moi presente no noso traballo diario, tirando da afilia-  
 19 ción que poidamos ter, cando non da regular presenza para chegar a conseguila.

20 Neste traballo, cómpre implicarmos en maior medida as direccións comarcais de cada  
 21 federación e unión local, dándolles máis participación, máis protagonismo na definición dos  
 22 traballos a realizar, procurando que a planificación e avaliación semestral veña aprobada  
 23 desde estes organismos. Debemos procurar a implicación e participación das seccións  
 24 sindicais, especialmente das grandes empresas e onde temos importante implantación.

25 2.- Xerar unha dinámica participativa cos delegados e delegadas, mantendo a celebración  
 26 mínima cada dous meses dunha asemblea de delegados/as, procurando xerar tamén  
 27 esta mesma dinámica nas Unións Locais.

28 As federacións deben comprometerse en garantir a asistencia dos seus delegados e  
 29 delegadas ás asembleas. Cómpre activarse desde as Federacións e U. Locais nas con-  
 30 vocatorias, mellorando a chegada das convocatorias ás empresas a través do contacto  
 31 directo cos delegados e delegadas.

32 Este traballo debe ir acompañado dun continuado e metódico programa de formación  
 33 dos delegados/as, con diferentes niveis no contido destes.

34 3.- As visitas e a presenza regular nos centros de traballo onde temos delegados e delega-  
 35 das, mais tamén onde non obtivemos representación pero presentamos candidatura,  
 36 deben ser constantes e formar parte da planificación do traballo sindical. Cada mes ou  
 37 cada dous, como mínimo, debemos visitar a todos os delegados e delegadas, con máis  
 38 necesidade aínda cando coincida coas convocatorias de asembleas xerais ou federativas.  
 39 Neste sentido, temos que manter unha preocupación especial por executar as campañas  
 30 nacionais, levárlelas aos traballadores e traballadoras a través dos delegados/as, pero  
 41 tamén en función da importancia das campañas, directamente aos centros de traballo  
 42 (coa celebración de asembleas, etc.). Este traballo de comunicación e axitación é un  
 43 instrumento moi importante para termos presenza permanente nas empresas e para  
 44 facermos realidade que somos unha central sindical diferente e alternativa.

45 4.- Mellorar en aspectos organizativos como a posta ao día dos ficheiros de delegados e  
 46 delegadas, así como tamén dos delegados e delegadas de prevención, facilitando a  
 47 actualización da base de datos e o aproveitamento das novas tecnoloxías.



### 1 **2.3. A organización sindical na empresa. As seccións sindicais**

2  
3 Se somos pois conscientes do poder real que para a clase traballadora ten o estar  
4 organizada en sindicatos de clase, e no noso caso tamén nacionalista, para unha mellor  
5 defensa dos nosos intereses e avanzar na conquista de dereitos e calidade de vida, temos  
6 que ser conscientes tamén da obriga de facer o esforzo necesario para fortalecer a CIG.

7 E isto pasa, entre outras liñas de traballo que desenvolvemos nestes Relatorios, por  
8 organizar os traballadores e traballadoras nos centros de traballo, fomentado a súa partici-  
9 pación a través da realización periódicas de asembleas e promovendo a constitución das  
0 sección sindicais, de cara a que sexan os/as verdadeiros protagonistas das reivindicacións  
11 e das conquistas na súas empresas.

12 Neste asunto, cómpre que non quedemos só no aspecto formal do que son as seccións  
13 sindicais que recolle a LOLS e algúns convenios colectivos, en canto ao recoñecemento dos  
14 mesmos ou parecidos dereitos que aos/ás delegados/as electas, senón que temos que ir  
15 máis alá. Pretendemos chamar a atención sobre a necesidade de constituír seccións sindi-  
16 cais, a modo de células, coas que poidamos ir traballando para ampliar o noso proxecto,  
17 creando corpo e organización centro de traballo a centro de traballo.

18 Desde as federacións farase seguimento e promoverase a constitución e dinamización  
19 de seccións sindicais en todas as empresas con presenza da CIG.

20

21

### 22 **2.4. O funcionamento dos organismos de dirección**

23

24 No VI Congreso trazamos toda unha serie de liñas para a mellora da nosa organización  
25 interna, que a día de hoxe teñen total vixencia, especialmente cando nos referimos ao funciona-  
26 mento dos organismos de dirección, mais é preciso chamar a atención sobre varios aspectos.

27 Debemos comezar por insistir no especial empeño a poñer para rematar e superar os  
28 funcionamentos burocratizados, de escasa e limitada incidencia na capacidade de organi-  
29 zación e de loita sindical.

30 Os tempos que corremos esixennos, para estarmos á altura das circunstancias, funcio-  
31 namentos áxiles e resolutivos, corresponsabilizándose na toma de decisións, e tamén en  
32 todo o que leva consigo a súa aplicación e posta en práctica nos centros de traballo e na  
33 mobilización social.

34 A importancia da organización pasa tamén por facer maiores esforzos porque todos  
35 os organismos de dirección estean conformados coa militancia máis viva e activa da nosa  
36 afiliación. A periodicidade e preocupación polas temáticas a tratar nas súas reunións é moi  
37 importante para unha maior participación, un maior debate, e mesmo unha ferramenta de  
38 aprendizaxe e formación.

39 Procurar un papel real de dirección dos organismos, esixe maior grao de colectivización  
30 no debate e na toma de decisións, clave tamén para agrandar o noso proxecto sindical,  
41 polo que cómpre revisar as dinámicas de funcionamento nos organismos das diferentes  
42 estruturas, sexan confederais ou federais.

43 En todo caso, temos que garantir un funcionamento dos organismos da central sindical  
44 como centros de debate das nosas propostas, de orientación do noso traballo sindical e  
45 de educación dos cadros de dirección no traballo colectivo e solidario e no coñecemento  
46 das alternativas globais da central sindical.

47



## 2.5. A mellora dos métodos de traballo

De acordo co falado enriba, considérase clave atender e ver con interese os chamados “métodos de traballo”, que durante estes anos debatemos, aínda que con moi diferente resultado na súa realidade.

Consideramos clave para o noso futuro retomar con seriedade e sinceridade este tema, revisar o que se teña demostrado pouco funcional, e promover a súa efectivización por diferentes vías. Máis atrasos na súa posta en marcha, implica desprezar unha ferramenta que, onde funciona, está a ter positivos resultados. Necesitamos mellores funcionamentos e actuar máis organizados/as para termos un contacto e axitación máis intenso e directo cos centros de traballo.

Neste debate, é importante non confundir estas reunións de traballo coas reunións dos diferentes organismos, que, como falamos noutro apartado deste Relatorio, cómpre revitalizar e reforzar o seu auténtico carácter de dirección, mellorando a súa periodicidade, asuntos a tratar, etc.

Estamos a falar de celebración de reunións exclusivamente de traballo, semanais ou quincenais, de liberados/as en cada comarca para planificar e programar de forma concreta e detallada o traballo sindical da semana, atendendo de forma prioritaria, segundo corresponda, ao seguinte: que visitas temos que facer aos centros de traballo polas eleccións sindicais, para distribución de propaganda, para executar as campañas que estean en marcha, para convocar asembleas de delegados/as, actuacións da campaña de afiliación, conflictividade laboral de actualidade que hai que atender, seguimento da afiliación (altas, baixas, delegados/as sen afiliación, devolucións...), etc. Así mesmo, irase informando do traballo que fai cada quen e verificando colectivamente se estamos cumprindo obxectivos ou non.

En todo caso, as Executivas Comarcais da Confederación asumirán a tarefa de coordinar, dinamizar e facer seguimento destas reunións.

## 3. Mapa federativo

O pasado 1 de xullo o Secretariado Confederal aprobou un documento en relación coa necesidade de debater e fixar posición sobre a nosa estrutura federativa. Pasados os meses, a vixencia deste é total, polo que a seguir o reproducimos:

*“No Plano Confederal de Traballo Sindical para o 2016, aprobado polo Secretariado Confederal en xaneiro deste ano, acordouse a creación dunha Comisión de Traballo neste organismo coa encomenda de elaborar unha proposta para o seu debate nos órganos de dirección das federacións e unións comarcais. Esta proposta tería que contemplar a estrutura federativa nova e sectores que a comprenden, datos de afiliación, relación de liberados/as, situación económica e ratios, estrutura en cada unha das unións comarcais, e prazos de execución.*

Este debate non é novo; ademais, temos por desenvolver o que contiña o Relatorio de Organización, aprobado polo VI Congreso, que no apartado sobre “Perfeccionar o noso modelo federativo e territorial”, di:

*“Debemos neste Congreso afondar no noso modelo federativo e comarcal mais temos que desenvolver liñas de actuación atendendo á evolución da crise económica, da súa resultante na estrutura económico-productiva da nosa nación e na estratificación da clase traballadora galega.*

1 Desde os piares fundamentais do sindicalismo nacionalista e de clase, para reforzarmos o  
 2 asemblearismo, a participación e o sermos máis combativos, temos que definir novas formas  
 3 de resposta ante as novas realidades ás que se enfronta a clase traballadora, debendo ter  
 4 expresión organizativa, facendo reformulacións no noso modelo federativo e comarcal, co fin  
 5 de termos estruturas federativas e comarcais da Confederación mellores e máis organizadas  
 6 que permitan un contacto e axitación máis intensa e directa cos centros de traballo.

7 Cómpre que debatamos, resolvamos con grande acordo e levemos á práctica dunha  
 8 vez o futuro mapa federativo, definindo a unificación de federacións mais vinculando este  
 9 debate coa adscrición de empresas e sectores, tendo en conta a súa vertebración territo-  
 0 rial máis alá das cabeceiras de comarca, chegando o desenvolvemento das federacións a  
 11 dotarse de estrutura nas actuais Unións Locais que complementen o labor das Executivas  
 12 das Unións Locais.”

13 Con estes antecedentes a Comisión púxose a traballar nunha proposta federativa que  
 14 debía de cumprir as seguintes condicións: non conformar macrofederacións, agrupar sec-  
 15 tores de características similares, crear federacións cun tamaño adecuado para facer delas  
 16 estruturas áxiles no seu funcionamento, que facilitasen a incorporación de novos cadros  
 17 sindicais desde as empresas, que tivesen organización en todas as comarcas, que fosen  
 18 autosuficientes economicamente e que gardasen certo equilibrio, en canto a tamaño e  
 19 recursos, entre elas e coas unións comarcais.

20

### 21 **Proposta de Estrutura Federativa nova e sectores que comprenderían**

22 A 18 de abril, o acordo nos traballos avanzados na Comisión do Secretariado Confederal  
 23 permitiu presentar este borrador de proposta, pendente aínda de desenvolver con máis detalle  
 24 o relativo á realidade afiliativa, económica e de ratios das novas federacións.

25 Despois da valoración e debate feito na primeira reunión sobre un estrutura de seis ou sete  
 26 federacións, acórdase traballar sobre a configuración das sete federacións que se relacio-  
 27 nan, coa adscrición dos sectores que se detallan máis abaixo. Precisamente, neste debate  
 28 sobre os sectores, considerouse oportuno na Comisión, mais non sendo esta a súa función  
 29 nin competencia, repasar e resituar aqueles que puidesen ser obxecto de discrepancia. En  
 30 calquera caso, non se chegou a ter conformidade nos casos concretos que se comentaron.

31 Basicamente a proposta concrétase en crear dúas federacións da Industria, unha a xa  
 32 existente, e outra, a resultante da fusión da actual FGAMT coa Construción e Madeira, sen o  
 33 sector do Transporte. Nunha e na outra estarían concentrados os sectores coas afinidades  
 34 e similitudes propias dos procesos industriais, mais coas diferenzas evidentes segundo  
 35 actividade produtiva.

36 Formulación parecida ten a ver coa proposta de ter dúas federacións de Servizos privados,  
 37 unha a xa existente, e outra que sería a fusión da actual Banca, Aforro, Seguros, Oficinas e  
 38 Telemarketing, co sector do Transporte, Telecomunicacións e Medios de comunicación. A  
 39 diferenciación en dúas federacións das actividades de servizos faise segundo se o seu des-  
 30 envolvemento produtivo require unha maior ou menor compoñente técnica e administrativa.

41 Polo que respecta á Área Pública manteríanse as tres federacións hoxe existentes.

42

### 43 **01.- Administración pública**

44 Administración central, autonómica, provincial e local, correos e telégrafos, xustiza, uni-  
 45 versidades (persoal non docente), xuntas de portos, comisións administrativas de portos e  
 46 parques de bombeiros.

47

1 **02.- Banca, aforro, seguros e oficinas / Transporte e Telecomunicacións**

2 *Banca pública, banca privada, caixas de aforro, caixas rurais, cooperativas de crédito, entida-*  
 3 *des de financiamento e de alugamentos financeiros, seguros e reaseguros, bolsa, sociedades de*  
 4 *valores e similares, telemarketing, as TIC, oficinas e despachos en xeral como notarías, rexistros,*  
 5 *servizos xurídicos, colexios profesionais, xestorías administrativas, auditorías, asesorías fiscais,*  
 6 *axencias inmobiliarias, axencias de publicidade, oficinas de selección e colocación de persoas,*  
 7 *oficinas técnicas de arquitectura ou enxeñeiras e outras entidades de natureza similar.*

8 *Transporte de viaxeiros e de mercadorías por calquera medio agás o marítimo, axencias*  
 9 *de alfándegas, mensaxeiros, estacións de autobuses e mercadorías, aparcamentos e garaxes,*  
 0 *gasolineiras, ambulancias, telecomunicacións e telefónica.*

11 *Axencias de viaxe, medios de comunicación públicos ou privados, bibliotecas, museos.*

12  
 13 **03.- Ensino**

14 *Ensino público e privado, investigación universitaria, universidades e autoescolas.*

15  
 16 **04.- FGAM / Construción e Madeira**

17 *Agro, gandaría, pensos compostos, matadoiros, explotación forestal, granxas, piscifacto-*  
 18 *rías, industrias alimentarias, frío industrial, conservas cárnicas e de peixe, caza, frigoríficos e*  
 19 *bebidas, depuradoras, confección téxtil, coiros, calzado, pel, xéneros de punto e empresas*  
 20 *auxiliares; pesca, marisqueo, empresas de estiba e desestiba, cultivos mariños, mariña*  
 21 *mercante, axencias marítimas e consignatarias.*

22 *Obras públicas, construción, cementos e derivados, tellas e tixolos, lousas, aplicación de pin-*  
 23 *turas, xesos e escaiolas, mármore e pedras, canteiras, vidro e cerámica, fabricación de mobles,*  
 24 *aglomerados, serradoiros, almacenistas de madeira, carpintaría, ebanistaría, carpintaría de ribeira.*

25  
 26 **05.- Industria**

27 *Fundición, fabricación de maquinaria, bens de equipo, material eléctrico e electrónico,*  
 28 *vehículos, construción e reparación naval, siderurxia, metalográfica, instalacións metálicas,*  
 29 *talleres mecánicos, manufacturados metalúrxicos e todos aqueles que aparecen reflectidos*  
 30 *no artigo "Ámbito de aplicación" dos catro convenios provinciais do metal.*

31 *Centrais enerxéticas, refinarías, extracción de minerais, empresas de distribución ener-*  
 32 *xética, plásticos, cauchos, papel, pasta e cartón, artes gráficas, fertilizantes, praguicidas,*  
 33 *desperdicios sólidos, laboratorios, pinturas, xabóns e pirotecnias, produción de enerxías*  
 34 *alternativas (eólica, solar, etc.)*

35  
 36 **06.- Saúde**

37 *Sanidade pública e sanidade privada.*

38  
 39 **07.- Servizos**

40 *Comercio de froitas, comercio do téxtil, do metal, da pel, do vidro plano, de materiais de*  
 41 *construción, de mobles e de alimentación, grandes almacéns, drogarías, farmacias, bazares,*  
 42 *florarías, librarías, hostalaría, estudos fotográficos, cinema, teatros, músicos, espectáculos,*  
 43 *dobrax e son, deportes, salas de xogos, casinos, administracións de lotarías, perrucarías,*  
 44 *tinturarías, lavandarías, limpeza, predios urbanos, pompas fúnebres, xardinaría, clubs e so-*  
 45 *ciedades recreativas, seguridade privada e empregadas do fogar.*

46

47

1 **CONCLUSIÓNS**

2 *A día de hoxe, e após unha nova reunión da Comisión na que se presentou a distribución*  
 3 *afiliativa por comarcas, a situación económica e a resultante en canto a ratios, pódense tirar*  
 4 *as seguintes conclusións:*

5 - *As alternativas colectivamente acordadas no 2014, ante a caída afiliativa e as dificultades*  
 6 *económicas vividas desde hai uns anos, poden non ser suficientes para garantir o man-*  
 7 *temento dalgunhas das federacións actuais.*

8 - *Cos datos achegados compróbase que camiñar no curto prazo (dous anos), se se cum-*  
 9 *pren as previsións de afiliación, a facer realidade a proposta da nova estrutura federativa*  
 10 *á que se chegou na comisión, levaría a que os resultados positivos que se están a aca-*  
 11 *dar nalgunhas federacións actuais, froito das medidas correctores aplicadas, se verían*  
 12 *anulados coa fusión e nalgún caso mesmo agravadas as problemáticas hoxe existentes.*

13 - *En todo caso, desde o punto de vista político-sindical, a proposta de estrutura federativa á*  
 14 *que se chegou na Comisión parece que sería a que mellor se adapta ao noso modelo de*  
 15 *central sindical e de sindicalismo, aínda que no inmediato non sexa realizábel. Quedaría*  
 16 *pois condicionada no tempo a súa posta en práctica a que se desen as condicións de*  
 17 *afiliación e de ratios que as fixesen viábeis economicamente. “.*

18 Así, debemos prestar especial atención, durante os próximos anos, ao que ten a ver co  
 19 grao de existencia ou non das condicións para a verificación desta estrutura federativa.  
 20 En todo caso, o VII Congreso faculta ao Consello Confederal para facer o oportuno  
 21 seguimento e, se é o caso, introducir os axustes necesarios para levala adiante.

22

23

24

25

26

26 **4. Pensionistas e xubilados/as**

27

28

29 Durante estes catro anos, e sobre a base do resolto no 6º Congreso Confederal, puxemos  
 30 en marcha a organización do Colectivo de Xubilados/as e Pensionistas, a través da creación  
 31 dunha Xestora Nacional, integrada por representantes designados en cada Unión Comarcal  
 32 e Federación Nacional. Con este esquema nas comarcas, onde foi posíbel, reproducíuse as  
 33 constituicións das Xestoras Comarcais. Convocáronse asembleas de afiliados/as para dar corpo  
 34 a esta estrutura, ao mesmo tempo que se debatían, propoñían e decidían liñas de actuación.

35 Da intensidade do traballo dan proba as mobilizacións, as recollidas de sinaturas, as char-  
 36 las, feitas sobre problemáticas específicas: repagamento medicamentos, reforma pensións  
 37 2013, problemáticas locais e comarcais, etc., e tamén, actividades lúdicas, festivas e culturais.

38 A periodicidade das reunións e a participación destas foi mellorando nos últimos tempos,  
 39 a medida que se foi dando a coñecer entre a afiliación, e que as estruturas máis atrasadas  
 30 foron poñéndose ao día no nomeamento dos/as representantes na Xestora Nacional.

41 A día de hoxe, a realidade de todo proceso está no bo camiño, mais cómpre dámoslle  
 42 neste Congreso o pulo definitivo.

43 Con este fin, e 6 meses após o Congreso, deberá estar constituída a Comisión Nacional  
 44 do Colectivo de Xubilados/as e Pensionistas, que estará integrada polas persoas nomeadas  
 45 a nivel nacional por cada unha das Federacións e cada unha das Unións Comarcais.

46 Será na Comisión Nacional, oportunamente coordinada coa Executiva Confederal, onde  
 47 se definirán as liñas de traballo, debéndose convocar, de ser posíbel, unha vez ao ano,

1\_ encontros nacionais de xubilados/as e pensionistas da CIG. Así mesmo, desde a Comisión  
 2\_ Nacional designarase unha persoa para participar, con voz pero sen voto, nas reunións do  
 3\_ Secretariado Confederal.

4\_ Así mesmo, a nivel comarcal e no mesmo prazo, deberán constituírse as Comisións  
 5\_ Comarcais, integradas por un persoa nomeada por cada federación e de cada Unión Local  
 6\_ constituída na comarca. De igual xeito que a nivel nacional, designarase unha persoa para  
 7\_ participar nas reunións dos Secretariados Comarcais.

8\_ A regularidade e necesidade de asembleas da afiliación deberá ser unha preocupación  
 9\_ das Comisións Comarcais para garantir unha maior participación e implicación da afiliación.

0\_ Por último, nos próximos catro anos teremos que analizar e resolver se proceden novas  
 11\_ solucións para estabilizar e mellorar a acción social deste colectivo, en cuestións relativas  
 12\_ a dereitos de participación (voto, tanto no plano individual como colectivo, presenza nos  
 13\_ organismos, cota sindical, etc.).

14\_  
 15\_  
 16\_

17\_

18\_

19\_

20\_

## 5. O activismo feminista e de clase na Confederación

21\_ Desde o anterior Congreso da CIG foron moitos e moi diversos os pasos dados pola nosa  
 22\_ central sindical para fortalecer a perspectiva feminista dentro das distintas estruturas. Fomos  
 23\_ quen de avanzar en dinamismo, de situar a CIG como unha das organizacións vertebradoras  
 24\_ en materia de acción feminista no país, non só no que en materia de reivindicación de dereitos  
 25\_ sociais e laborais se refire (de denuncia do acoso laboral, da precariedade, da desigualdade e  
 26\_ das discriminacións que padecen as mulleres traballadoras, dos altos niveis de desemprego,  
 27\_ dos atrancos no acceso ás prestacións, da pobreza, da fenda salarial existente entre homes e  
 28\_ mulleres...), senón tamén en canto á resposta aos ataques do patriarcado (recortes nos nosos  
 29\_ dereitos sexuais e reprodutivos, anuncio de leis retrógradas como a da reforma do aborto, a  
 30\_ lei de familia, o incremento das agresións machistas, a denuncia do feminicidio...). Fixémolo  
 31\_ en solitario, co dinamismo propio da nosa central sindical, mais tamén nun marco de diálogo  
 32\_ e colaboración mutua con organizacións feministas do país, como sucedeu coas Plataformas  
 33\_ *Mulleres en Loita polos nosos dereitos*, a *Plataforma Galega polo dereito ao aborto*, ou máis  
 34\_ recentemente, coa adhesión da CIG á *Marcha Mundial das Mulleres*. Para a Confederación  
 35\_ segue a ser moi importante que estes colectivos vexan en nós tamén un referente na resposta.

36\_ Consideramos que a nosa acción non debe xirar só arredor de datas senlleiras para  
 37\_ unha central de clase como é a conmemoración do 8 de Marzo, *Día Internacional da Muller*  
 38\_ *Traballadora*, ou doutras referentes na loita feminista como é o 25 de Novembro, *Día inter-*  
 39\_ *nacional contra a violencia machista*, senón que debemos marcar ao longo do calendario,  
 30\_ campañas de denuncia do machismo e de reivindicación dos dereitos das traballadoras  
 41\_ tanto no marco das empresas como a nivel social. Unha loita que debe realizarse tanto no  
 42\_ ámbito da negociación colectiva, na negociación de protocolos e acordos en materia de  
 43\_ prevención e actuación ante o acoso laboral e por razón de sexo, como de acordos e plans  
 44\_ de igualdade, negociando medidas de acción positiva nos convenios colectivos, mais tamén  
 45\_ combatendo actitudes machistas na empresa e nas institucións, saíndo á rúa cando sexa  
 46\_ necesario para denunciar os ataques aos nosos dereitos. É nese aspecto combativo, de  
 47\_ confrontación co sistema, no que debemos seguir aprofundando.

1 Mais este activismo non se traduciu nunha mellora da participación das mulleres na central  
 2 sindical, en canto a organismos se refire. Malia as reformas estatutarias, non conseguimos  
 3 aumentar o número de mulleres que forman parte das executivas federais e comarcais, nin  
 4 tan sequera aproximarnos á súa representatividade afiliativa.

5 Marcamos o reto, xa que logo, de revertir esta situación e acadar unha representatividade  
 6 acorde coa presenza de mulleres nas empresas. E para que isto sexa posíbel, é preciso  
 7 centrar os esforzos na súa participación na acción sindical desde o ámbito máis próximo,  
 8 que é a empresa, ampliando a nosa base social, formando a afiliación, presentando candi-  
 9 daturas de xeito que vaimos incrementando o número de delegadas, poñendo un especial  
 0 empeño naquelas máis masculinizadas, de xeito que poidamos consolidar dentro duns anos  
 11 unha representatividade das mulleres na estrutura comarcal e federativa que sexa acorde  
 12 coa nosa reivindicación da igualdade e do empoderamento das mulleres na sociedade, e  
 13 por tanto, dentro da nosa organización sindical.

14 Con ese obxectivo vimos traballando, para reforzar o traballo e a participación das mulleres  
 15 da CIG non só no marco da Comisión Nacional de Mulleres, senón desde o propio modelo  
 16 comarcal e federativo, convencidas de que só aprofundando nunha estrutura organizativa que  
 17 siga mellorando a participación como base da nosa acción, seríamos quen de consolidar  
 18 este proxecto. Con este fin, convocamos dous encontros nacionais de delegadas e liberadas  
 19 da CIG onde debatemos da problemática que nos afecta como mulleres neste contexto de  
 20 crise económica e de ataque por parte do patriarcado e do capital ás nosas liberdades,  
 21 artellando propostas para combatelos desde a nosa central sindical. Un espazo de encontro  
 22 que debemos consolidar, e potenciar no futuro inmediato, para fortalecer o noso proxecto.

23

24

25

26

27

## 6. Plan de axuda alimentaria

28

29

30 O Plan de Axuda Alimentaria é un plan que foi posto en marcha pola CIG co obxectivo  
 31 de incentivar a solidariedade entre a afiliación da central sindical, de forma que servise  
 32 como axuda para as familias daqueles afiliados e afiliadas que estivesen sen ingresos ou  
 33 con ingresos reducidos no seo das súas unidades familiares.

34 A realidade a día de hoxe é que o desenvolvemento deste Plan nas distintas comarcas  
 35 é moi diferente, e o seu funcionamento tamén é distinto en función das características de  
 36 cada unión comarcal.

37 Sabiamos da dificultade de pór a andar un Plan destas características no seo da central  
 38 sindical, dado que non tiñamos experiencia en xestionar programas destas características,  
 39 e a evolución que o Plan tivo durante os últimos anos debe de convidarnos a revisar o seu  
 30 funcionamento no futuro.

41 En xeral as persoas usuarias do Plan, xa desde o seu inicio, é moi escaso tendo en conta  
 42 a afiliación coa que conta a CIG e a situación económica dos últimos anos. Igualmente, a  
 43 doazón de alimentos e o números de cotas subscritas pola afiliación para o devandito Plan  
 44 tamén son mínimas. Detrás deste funcionamento do Plan de Axuda Alimentaria sen dúbi-  
 45 da pode haber moitos factores, mais a atención prestada desde a organización e as súas  
 46 estruturas para a consolidación e medre deste seguramente non foi a que o Plan require.

47 O Plan de Axuda Alimentaria ten que ser visto polo conxunto da central sindical coma



1 un servizo á afiliación de carácter solidario, que por unha parte ten que pretender axudar a  
 2 aqueles compañeiros e compañeiras que están a pasar por situacións económicas precarias  
 3 e, por outra banda, ten e debe tamén de incentivar a solidariedade da afiliación, pois ese é  
 4 o mecanismo para dotar de recursos ao propio Plan.

5 Debemos de pór en valor o Plan de Axuda Alimentaria, toda vez que é unha ferramenta coa  
 6 que o resto de organizacións sindicais non contan, e ademais o propio plan pode servir como  
 7 un instrumento para reducir a perda de afiliación motivada por problemas económicos, e debe-  
 8 mos de entender o mantemento de afiliación non só desde unha perspectiva económica, senón  
 9 desde a perspectiva da fortaleza sindical e organizativa que outorga ter a maior afiliación posíbel.

10 No futuro é importante adoptar medidas para a consolidación e fortalecemento do Plan,  
 11 así como camiñar a que o seu funcionamento sexa o mais homoxéneo posíbel no conxunto  
 12 da central sindical. Para acadar ese obxectivo é preciso que desde as estruturas sindicais  
 13 se aumente a implicación e compromiso co Plan. Así, aspectos como a información da  
 14 existencia das cotas propias do Plan á nova afiliación e á xa existente, a información da  
 15 súa existencia nos centros de traballos, a implicación das seccións sindicais da CIG nas  
 16 empresas na colaboración co plan, etc., deben de ser obxecto de traballo para o vindeiro  
 17 período de cara a que o Plan de Axuda Alimentaria sexa un instrumento máis eficaz que  
 18 poida ser de maior axuda á afiliación que o precise e que nos fortaleza como organización  
 19 sindical fronte ao resto de sindicatos.

20

21

22

23

24

25

26

## 7. A comunicación e as redes sociais

27 Os catro anos transcorridos desde o 6º Congreso confirmaron as previsións que no Rela-  
 28 torio de Organización daquel Congreso se debateron e aprobaron. O que en anos anteriores  
 29 fora unha identificación da necesidade de potenciar a nosa presenza nas redes sociais e en  
 30 usar esas canles de comunicación para mellorar a nosa proxección entre a nosa base social,  
 31 nestes catro anos foron a constatación de que os diferentes perfís en redes sociais da CIG e  
 32 a nosa comunicación a través das webs propias ían ter unha maior incidencia e que habían  
 33 ser unha ferramenta necesaria para termos presenza cando os medios tradicionais, na súa  
 34 entrega ao poder como correa de transmisión deste, deciden que o mellor tratamento que  
 35 lle poden dispensar a unha forza sindical transformadora como a CIG é a relegación, cando  
 36 non a ocultación da nosa actividade e das nosas opinións.

37 É certo que nestes catro anos ampliamos a produción de contidos propios. Así como  
 38 tamén o é que aproveitamos os escasos espazos que fomos quen de conseguir na prensa  
 39 escrita e dixital, mais non é menos certo que hai que repensar como fixemos ese traballo e  
 40 en que debemos melloralo nos próximos catro anos.

41 Así, ao tempo que temos que salientar a difusión, a través do semanario en papel Ser-  
 42 mos Galiza, de novidades sociais e laborais nas que a CIG foi protagonista ou de contidos  
 43 de maior profundidade mediante as achegas pola parcería do citado xornal coa Fundación  
 44 Moncho Reboiras, non podemos obviar que nin a difusión do semanario é tan masiva a nivel  
 45 xeral como se precisaría nin tampouco fomos quen de darlle continuidade a ese traballo  
 46 unha maior difusión entre a nosa propia afiliación e base social.

47 A recente remuda da web confederal, apostando por unha maior adaptabilidade aos dife-

1 rentes soportes aos que hoxe recorremos para acceder á información en internet, indica tamén  
2 o camiño a seguir, apostando por sermos quen de ir ao ritmo dos cambios que a comunica-  
3 ción dixital impón, fortalecendo un espazo de información mais tamén de formación sindical.  
4 Porén, o feito de que non fósemos quen de estender a imaxe corporativa da central sindical a  
5 federacións con espazos web propios, para alén do absoluto respecto á autonomía de cada  
6 federación, non deixa de ser unha eiva á hora de crear unha imaxe máis doada de identificar  
7 como ese “todo un” que inicialmente formara parte dos obxectivos da anterior web. A partir  
8 do 7º Congreso haberá que retomar esta iniciativa, ofrecendo a posibilidade de que aquelas  
9 federacións que contén con espazos web propios encontren na nova proposta confederal un  
0 motivo para actualizar e buscar unha homoxeneización da imaxe da CIG nas diferentes webs.

11 Ao respecto do uso das redes sociais hai que poñer de relevo aspectos positivos, como  
12 o afianzamento dos nosos perfís xa consolidados nesas redes, especialmente no caso de  
13 Facebook, Twitter e YouTube e ao feito de que ese fortalecemento tamén veu acompañado  
14 cunha maior presenza de diferentes estruturas da central sindical, sexan federativas ou te-  
15 rritoriais. Mais tamén neste espazo temos tarefas pendentes que haberá que afrontar neste  
16 novo período após o 7º Congreso.

17 Hai catro anos faciamos unha avaliación crítica ao respecto da ausencia dun debate rigo-  
18 roso sobre a proxección pública da imaxe da CIG nas redes sociais, salientando xa naquela  
19 altura a proliferación de perfís vinculados á nosa central sindical. Neste senso, faciamos  
20 especial fincapé nun aspecto que resta aínda por desenvolver: o de tecer unha rede sólida  
21 de intervención e difusión nas redes sociais de todo o que desde a central sindical pensa-  
22 mos, dicimos e facemos. Para iso creárase unha Comisión Nacional de Comunicación co  
23 obxectivo conseguir unha maior homoxeneización e coordinación en materia de comunica-  
24 ción externa e de formación interna e coa responsabilidade de presentar unha proposta de  
25 traballo que reforce a coordinación interna entre as diferentes estruturas e consolide unha  
26 rede de difusión de contidos fornecidos pola nosa central sindical.

27 Esa primeira fase levará ineludiblemente a unha seguinte que é a verdadeiramente  
28 transcendental: sermos quen de que a afiliación e a base social da CIG se converta ela  
29 mesma na principal canle de intercomunicación e difusión de todo o que a nosa central  
30 sindical publica, xerando un incremento necesario da nosa presenza nas redes, ben sexa  
31 nas xa consolidadas ou ben noutras que poidan aparecer ou ben, e isto xa con carácter  
32 máis prioritario, xa están estendidas mais aínda non abordamos desde a CIG.

33 Neste sentido debemos mellorar na comunicación con toda a afiliación a través tamén  
34 de boletíns dixitais que con certa periodicidade a manteñan informada das principais cam-  
35 pañas, convocatorias e contidos xerados pola Confederación. Tamén debemos continuar  
36 co traballo dos contidos en soporte audiovisual, ampliando a súa cantidade e diversidade  
37 e pulando pola colaboración de todas as estruturas á hora de forneceren materiais cos que  
38 multiplicar a nosa capacidade de incidencia social.

39 Con todo, malia o crecente papel das redes sociais e doutros medios de comunicación  
30 dixital, é preciso continuar a garantir a presenza e visibilidade da central sindical a través  
41 de soportes impresos. Neste sentido deberemos afrontar unha planificación para procurar  
42 unha maior periodicidade tanto no Boletín Sindical como no voceiro Tempo Sindical.

43 En todos os espazos, en soporte físico ou dixital, debemos garantir a coherencia no que  
44 comunicamos e como o comunicamos, tanto no que fai referencia no coidado e uso correcto  
45 do noso idioma como na utilización dunha linguaxe inclusiva e non sexista, entendo como  
46 linguaxe non só a escrita senón tamén a gráfica e audiovisual, rachando coa tendencia á  
47 hipermasculinización.



# VII Congreso

Confederación  
Intersindical  
Galega



- **Modificacións estatutarias**

27-28 maio 2017



**Sindicalismo Nacionalista e de clase**



# Modificacións estatutarias

## Aprobadas na comisión do 31 de xaneiro de 2017

### NOTA ACLARATORIA:

O texto que aparece en negrilla e subliñado correspóndese coas modificacións que se propoñen introducir nos estatutos actuais.

### 1.- Artigo 1

A Confederación Intersindical Galega (en siglas, CIG) é unha organización sindical dos traballadores e das traballadoras galegas, constituída para a mellor defensa dos seus intereses, desde unha perspectiva de clase, **feminista e non patriarcal**, que aspira a unha Galiza plenamente soberana e sen explotación. A CIG exprésase en galego, que defende como único idioma oficial de Galiza, promove a súa completa normalización e **comprométese a facer un uso non sexista da lingua**. Respecta o uso das distintas formas da escrita entre a súa afiliación.

### 2.- Artigo 8

**As traballadoras e os traballadores autónomos, así como as socias e socios de cooperativas e de sociedades anónimas laborais ou asimiladas** que non teñan traballadores ou traballadoras asalariadas ao seu cargo, poderán participar na CIG nos termos que determine o Consello confederal. Igualmente aprobará a fórmula de adhesión especial con que poidan vincularse os traballadores e as traballadoras galegas residentes no exterior.

### 3.- Artigo 11

O afiliado ou a afiliada poderá causar baixa na CIG polas seguintes causas:

- b) Por non aboar a **cota sindical** nos tres primeiros meses desde a formalización da ficha de afiliación.

### 4.- Artigo 12

Son dereitos dos afiliados e das afiliadas da CIG os seguintes:

- c) Elixir e ser elixido **ou elixida** para calquera cargo ou para calquera ámbito de representación.
- h) Dereito a formar e organizarse dentro da central sindical, en colectivos afín aos seus ideais, sempre que non **contraveñan** os principios organizativos e programáticos dos que se dote a Confederación.

### 5.- Artigo 13

Son deberes dos afiliados e das afiliadas os seguintes:

- a) Aboar **a cota sindical** regulamentariamente establecida.

### 6.- Artigo 31

Facer constar a federación de Industria, eliminando Químicas e Metal, quedando da seguinte maneira:

**Art. 31.-** Na CIG confedéranse actualmente os sindicatos ou federacións correspondentes á seguinte clasificación de sectores:

- 01 Administración Pública
- 02 Banca, Aforro, Seguros e Oficinas

1 03 Construción e Madeira

2 04 Ensino

3 05 FGAMT

4 **06 Industria**

5 07 Saúde

6 08 Servizos

7 Dúas ou máis destas federacións constituídas poderán fusionarse para constituíren unha  
8 nova que substitúa en todo as orixinarias, previo acordo **dos seus respectivos** Congresos  
9 extraordinarios.

0 Así mesmo, poderá constituírse unha nova federación cando se cumpran os seguintes  
11 requisitos e procedemento:

12 1. Que o sector da nova federación conte cun mínimo de 5.000 afiliados e afiliadas; para  
13 estes exclusivos efectos, terase en conta a listaxe nominal da afiliación coas cotas ao  
14 día.

15 **2. Que teña garantida a súa autonomía a nivel de cadros e recursos económicos.**

16 3. No caso de que a nova federación sexa produto da segregación dun ou varios sectores  
17 de actividade dunha ou de varias das federacións existentes, acordo en Congreso destas.  
18 En calquera dos supostos contemplados neste artigo, antes da convocatoria dos respectivos  
19 congresos, solicitarase a opinión do Consello Confederal da CIG para validar o proceso  
20 por unha maioría de 2/3.

21

## 22 **7.- Artigo 45**

23 A finalidade, competencias, composición e vixencia de tales comisións deberase conter  
24 no propio acordo do organismo que as cree. Poderán elaborar un regulamento de funcio-  
25 namento que deberá ser aprobado polo organismo que as creou, do cal dependen orga-  
26 nicamente para todos os efectos.

27 **Con este fin, após cada Congreso constituirase a Comisión Nacional de Mulleres,**  
28 **que estará formada pola compañeira responsábel da Secretaría Confederal das Mulleres**  
29 **na Executiva Confederal da CIG, así como polas compañeiras secretarias nacionais**  
30 **das mulleres de cada unha das federacións e as secretarías comarcais das mulleres**  
31 **de cada unha das unións comarcais da confederación.**

32 **No seo da Comisión Nacional das Mulleres, que estará presidida pola Secretaria con-**  
33 **federal das mulleres, marcaranse as liñas de traballo a seguir en materia de igualdade**  
34 **na central sindical, podendo convocar Encontros Nacionais de Mulleres da CIG para**  
35 **debater entre o corpo de delegadas e afiliadas ao respecto da situación das mulleres.**

36

## 37 **8.- Artigo 51 (nova redacción)**

38 **O Consello Confederal é o máximo órgano de dirección da CIG entre congresos e**  
39 **está composto por:**

30 a) **Cen (100) membros, cuxa elección corresponderá un 50% (50 membros) ás federa-**  
41 **cións e outro 50% (50 membros) ás unións comarcais, que a súa vez se repartirán,**  
42 **para a súa elección polas estruturas, de forma directamente proporcional á afilia-**  
43 **ción de cada federación ou de cada unión comarcal. Nestes membros inclúense**  
44 **o/a Secretario/a de Unión Comarcal e o/a Secretario/a Nacional de Federación.**

45 b) **Os membros da Executiva Confederal.**

46

47

1 **9.- Artigo 64**

2 b) A Dirección Comarcal fixará o número de delegados/as para a asemblea comarcal,  
3 coa única limitación de que os/as membros natos non poderán representar máis do 25%  
4 do total dos delegados/as.

6 **10.- Artigo 67 (nova redacción)**

7 **A Dirección Comarcal é o máximo organismo de dirección na comarca entre asem-**  
8 **bleas, coa seguinte composición:**

9 a) **A Executiva Comarcal.**

0 b) **O/A Secretario/a de cada Unión Local constituída.**

11 c) **Trinta (30) representantes a elixir polas federacións, a repartir de forma directamente**  
12 **proporcional á súa afiliación, nas comarcas de menos de 10.000 afiliados/as.**

13 **Corenta (40) representantes a elixir polas federacións, a repartir de forma directamente**  
14 **proporcional á súa afiliación, nas comarcas de entre de 10.000 e 15.000 afiliados/as.**

15 **Cinquenta (50) representantes a elixir polas federacións, a repartir de forma directamente**  
16 **proporcional á súa afiliación, nas comarcas de entre de 15.000 e 20.000 afiliados/as.**

17 **Sesenta (60) representantes a elixir polas federacións, a repartir de forma directamente**  
18 **proporcional á súa afiliación, nas comarcas de entre de 20.000 e 25.000 afiliados/as.**

19 **Nos representantes a elixir por cada federación, estarán sempre incluídos o/a**  
20 **secretario/a comarcal de cada sindicato ou federación constituída.**

22 **11.- Artigo 81**

23 A condición de membro da Executiva Confederal **con dedicación exclusiva** é incom-  
24 patíbel coa pertenza a calquera outro órgano executivo, tanto da Confederación como de  
25 Federación. Así mesmo, o exercicio dos cargos de Secretario ou Secretaria Comarcal dunha  
26 U. Comarcal e de Secretario ou Secretaria nacional dunha Federación é incompatíbel coa  
27 pertenza a calquera outro máximo órgano executivo de comarca, de federación ou confederal.

28 A condición de membro da Executiva Confederal e o exercicio dos cargos de Secreta-  
29 rio ou Secretaria Comarcal e de Secretario ou Secretaria nacional dunha Federación leva  
30 implícita a dedicación e a dispoñibilidade preferente a tales cargos.

31 Os secretarios/as comarcais de Federación non poderán formar parte da Executiva  
32 Comarcal da Confederación.

33 Os cargos de Secretario/a Xeral da Confederación, Secretario/a de Unión Comarcal,  
34 Secretario/a Nacional dunha Federación e **os membros da Executiva confederal**, non  
35 poderán ser ocupados por unha mesma persoa por máis de tres mandatos consecutivos.

36 **Faise excepción desta regra no caso do/a membro da Executiva Confederal que saia**  
37 **electo/a Secretario/a Xeral, que o pode ser independentemente do número de manda-**  
38 **tos que leve ocupando cargo na Executiva. Para estes efectos, comezarán a computar**  
39 **os mandatos que se exerzan a partir da celebración do IV Congreso. (PROPONSE A**  
30 **SUPRESIÓN DE TODO O TEXTO QUE APARECE SUBLIÑADO NESTE PARÁGRAFO).**

42 **12.- Artigo 90 (nova redacción)**

43 **No caso das listas pechadas, as vacantes que se poidan producir nos organismos electos,**  
44 **serán cubertas polo candidato ou candidata seguinte da mesma lista na que se presentou**  
45 **a persoa que causa baixa. No suposto de que a candidatura presentada sexa resultado da**  
46 **unificación de varias candidaturas, as vacantes no organismo serán cubertas pola persoa**  
47 **seguinte que figuraba na lista inicial da que formaba parte a persoa que causa baixa.**

1 No caso de listas abertas, as vacantes que se poidan producir serán cubertas pola  
2 persoa seguinte da lista en número de votos.

3  
4 **13.- Artigo 91**

5 Os recursos económicos da CIG están constituídos por:

6 a) As cotas, tanto a sindical como as complementarias.

7  
8 **14.- Artigo 92**

9 g) A determinación das cotas.

10  
11 **15.- Artigo 93**

12 En resposta ao principio de solidariedade, a cota sindical da CIG queda establecida en  
13 función dos ingresos de cada afiliado/a nas catro modalidades que a seguir se relacionan:

14 a) Cota ordinaria: ingresos brutos mensuais iguais ou superiores ao dobre do SMI (Salario  
15 mínimo interprofesional).

16 b) Cota especial: ingresos brutos mensuais iguais ou superiores ao SMI e até o dobre  
17 deste.

18 c) Cota reducida: ingresos brutos mensuais inferiores ao SMI, pensionistas non activos  
19 con ingresos brutos iguais ou superiores ao SMI.

20 d) Cota simbólica: afiliación sen ingresos e pensionistas non activos con ingresos mensuais  
21 inferiores ao SMI.

22  
23 **16.- Disposición Adicional segunda.- Da afiliación**

24 Para efectos orzamentarios e de exercicio da representación interna que corresponda,  
25 enténdese a condición de afiliado ou afiliada como sinónimo de cotizante. Para a súa de-  
26 terminación nun período utilizarase a fórmula:

27  $A = N / 0,8 C$ , sendo "N" o total de ingresos por cotas sindicais nos doce meses ante-  
28 riores e "C" o importe da cota vixente no mesmo período.

29  
30 **17.- Disposición Adicional cuarta.- Da participación das mulleres**

31  
32 *(Eliminaríase como disposición cuarta e PASARÍA A INTREGRASE NOS NOVOS ESTATU-*  
33 *TOS COMO ARTiGO.- 91, coa conseguinte modificación numérica dos artigos posteriores)*  
34

35 Para lograr a participación das mulleres en todos os órganos de dirección da CIG,  
36 tanto territoriais como federativos, será de carácter obrigatorio a aplicación dos se-  
37 guintes criterios para a composición das candidaturas:

38 1º. Naquelas estruturas nas que a afiliación de mulleres sexa igual ou superior ao 30%  
39 do total da afiliación, serán válidas aquelas candidaturas que garden a proporción  
40 do 60/40% para cada un dos xéneros.

41 2º. Naquelas estruturas en que a afiliación de mulleres sexa inferior ao 30%, as  
42 candidaturas incorporarán como mínimo unha porcentaxe de mulleres igual ao  
43 mesmo número de afiliadas á devandita estrutura, incrementada esta porcentaxe  
44 nun 10%.

45 As proporcións mencionadas deberán ser respectadas, tanto no tramo das persoas  
46 titulares e como no das suplentes. Esta proporción deberá respectarse tamén na  
47 orde na que deben figurar os candidatos e candidatas da lista.

1 As porcentaxes de xénero que aparecen recollidas nos apartados 1º e 2º teñen  
 2 carácter de mínimos para o caso da representación das mulleres; polo tanto, non  
 3 poderá invalidarse ningunha candidatura por superar as devanditas porcentaxes.

4

## 5 **18.- Disposición adicional quinta.- Da definición sectorial**

6

7 *(Pasaría a ser DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA)*

8

9 A adscrición sectorial de empresas xestionadas baixo as novas fórmulas de xestión e  
 10 sectores produtivos non relacionados nesta disposición será competencia do Secretariado  
 11 Confederal con ratificación posterior por parte do Consello Confederal:

12

### 13 **01. Administración pública**

14 Administración central, autonómica, provincial e local, correos e telégrafos, xustiza, uni-  
 15 versidades (persoal non docente), xuntas de portos, comisións administrativas de portos e  
 16 parques de bombeiros.

17

### 18 **02. Banca, aforro, seguros e oficinas**

19 Banca pública, banca privada, caixas de aforro, caixas rurais, cooperativas de crédito,  
 20 entidades de financiamento e de alugamento financeiros, seguros e reaseguros, bolsa,  
 21 sociedades de valores e similares, **centros de chamadas, empresas que desenvolven**  
 22 **as TIC**, oficinas e despachos en xeral como notaría, rexistros, servizos xurídicos, colexios  
 23 profesionais, xestorías administrativas, auditorías, asesorías fiscais, axencias inmobiliarias,  
 24 axencias de publicidade, oficinas de selección e colocación de persoas, oficinas técnicas  
 25 de arquitectura ou enxeñeiras e outras entidades de natureza similar.

26

### 27 **03. Construción e madeira**

28 Obras públicas, construción, cementos e derivados, tellas e tixolos, lousas, aplicación  
 29 de pinturas, xesos e escaiolas, mármore e pedras, canteiras, vidro e cerámica, fabricación  
 30 de mobles, aglomerados, serradoiros, almacenistas de madeira, carpintaría, ebanistaría,  
 31 carpintaría de ribeira.

32

### 33 **04. Ensino**

34 Ensino público e privado, investigación universitaria, universidades e autoescolas.

35

### 36 **05. FGAMT**

37 Agro, gandaría, pensos compostos, matadoiros, explotación forestal, granxas, piscifac-  
 38 torías, industrias alimentarias, frío industrial, conservas cárnicas e de peixe, caza, frigoríficos  
 39 e bebidas, depuradoras de moluscos, confección téxtil, coiros, calzado, pel, xéneros de  
 30 punto e empresas auxiliares; pesca, marisqueo, empresas de estiba e desestiba, cultivos  
 41 mariños, mariña mercante, axencias marítimas e consignatarias; transporte de **persoas** e  
 42 de mercadorías por calquera medio agás o marítimo, axencias de alfándegas, **mensaxaría**,  
 43 estacións de autobuses e mercadorías, aparcamentos e garaxes, gasolineiras, ambulancias,  
 44 telecomunicacións e telefónica.

45

46

47

1 **06. Industria**

2 Fundición, fabricación de maquinaria, bens de equipo, material eléctrico e electrónico,  
3 vehículos, construción e reparación naval, siderurxia, metalográfica, instalacións metálicas,  
4 talleres mecánicos, manufacturados metalúrxicos e todos aqueles que aparecen reflectidos  
5 no artigo “Ámbito de aplicación” dos catro convenios provinciais do metal.

6 Centrais enerxéticas, refinarías, extracción de minerais, empresas de distribución enerxética,  
7 plásticos, cauchos, papel, pasta e cartón, artes gráficas, fertilizantes, pesticidas, desperdicios sólidos,  
8 laboratorios, pinturas, xabóns e pirotecnias, **industria aeroespacial, captación, depuración**  
9 **e distribución de augas e a produción de enerxías alternativas (eólica, solar, biomasa, etc.)**

0

11 **07. Saúde**

12 Sanidade pública e sanidade privada.

13

14 **08. Servizos**

15 Comercio de froitas, comercio do téxtil, do metal, da pel, do vidro plano, de materiais de  
16 construción, de mobles e de alimentación, grandes almacéns, drogarías, farmacias, bazares,  
17 florarías, librarías, hostalaría, axencias de viaxe, medios de comunicación públicos ou priva-  
18 dos, estudos fotográficos, cinema, teatros, **música**, espectáculos, dobraxe e son, deportes,  
19 bibliotecas, museos, salas de xogos, casinos, administracións de lotarías, perruquerías,  
20 tinturarías, lavandarías, limpeza, predios urbanos, pompas fúnebres, xardinaría, clubs e  
21 sociedades recreativas, seguridade privada e empregadas/os do fogar.

22 Os sectores de actividade non citados nesta disposición adscribiranse segundo criterios  
23 de analoxía.

24 Para estes efectos, as empresas con capital público maioritario, así como aquelas empre-  
25 sas xestionadas mediante novas fórmulas de xestión (consorcios, fundacións...) e que a súa  
26 actividade principal sexa a prestación dun servizo público, estarán adscritas ás federacións  
27 da Área Pública, adxudicándose a cada unha delas en función da actividade que realizan.  
28 En caso de discrepancia, será o Secretariado Confederal o que decida, o cal será ratificado  
29 polo Consello Confederal. A readxudicación das empresas afectadas polo aquí exposto farase  
30 unha vez rematados os procesos congresuais e nunca máis tarde do 30 de xuño de 2010.

31

32 **18.- Disposicións Transitorias**

33

34 **Primeira .- (ELIMINAR)**

35

36 **Primeira.- Das asembleas das estruturas territoriais**

37 As estruturas territoriais da CIG deberán realizar as súas asembleas comarcais no prazo  
38 máximo do 30 de xuño de **2017**. Aquelas estruturas que por circunstancias especiais non  
39 puidesen realizalas antes desa data solicitarán o seu adiamento ao Consello confederal.

40 Ás estruturas, tanto territoriais como sectoriais, que non convoquen o seu proceso con-  
41 gresual ou asembleario por remate de mandato, conforme aos Estatutos, sen causa xustifi-  
42 cada e ratificada polo Secretariado Confederal, aplicaráselles o regulado no artigo 106 dos  
43 presentes Estatutos, até o momento da realización do proceso congresual ou asembleario.

44

45 **Segunda.- Da aplicación do réxime de incompatibilidades de cargos.**

46 A aplicación individual das incompatibilidades reguladas no artigo 81 destes Estatutos  
47 entre membros da Executiva Confederal e membros dos órganos executivos dunha fede-



1 ración ou dunha comarca terá efectos a partir da celebración do Congreso ou Asemblea  
2 correspondente.

3 O mesmo prazo máximo rexerá para a aplicabilidade individual das demais incompati-  
4 bilidades establecidas no mesmo artigo 81.

5

6 **Terceira.- Da aplicación da Disposición Adicional cuarta. (novo Artigo 91)**

7 Esta Disposición entrará en vigor e terá efectos unha vez celebradas as asembleas  
8 das Unións Comarcais e os Congresos Nacionais de Federación, correspondentes a  
9 este mandato. Para estes procesos será de aplicación o que figura ao respecto nos ac-  
0 tuais estatutos da CIG (VI Congreso) e no Regulamento Precongresual do VII Congreso.

11

12 **Cuarta.- Da aplicación do artigo 81.**

13 Os cambios introducidos no artigo 81 en relación ao límite de mandatos dos mem-  
14 bros da Executiva Confederal entrarán en vigor no VIII Congreso.

15

16 **Quinta.- Da aplicación dos artigos 51, 64 e 67**

17 Os artigos 51 e 67 entrarán en vigor unha vez aprobados neste VII Congreso, polo  
18 tanto serán de aplicación para as Asembleas de Unión Comarcal e os Congresos  
19 Federativos que se celebren con posterioridade ao VII congreso da Confederación.

20 O artigo 64 entrará en vigor para as Asembleas de Unión Comarcal correspondentes  
21 ao proceso congresual a celebrar dentro de catro anos (VIII congreso CIG).

22

23

24

25

## **Oxectivos e principios CIG**

26

27

28 **Obxectivos**

29 \* O pleno exercicio de todos os dereitos humanos, individuais e **colectivos**, sen discrimi-  
30 nacións, incluído o de autodeterminación.

31 \* Loitarmos contra toda forma de racismo, xenofobia ou prexuízo e discriminación na  
32 sociedade en razón de sexo **e/ou xénero**, estado civil, enfermidade, idade, lingua, relixión,  
33 opinión política, opción sexual, posición social ou económica, orixe étnica, nacional ou  
34 cultural.

35

36

37

38

## **Principios**

39

30 Feminismo: A CIG declárase feminista, consciente de que as discriminacións que  
41 sofren as mulleres traballadoras en todos os eidos son estruturais e veñen orixinadas  
42 pola división sexual do traballo, recoñecendo o capital e o patriarcado como fonte  
43 desa opresión. A CIG comprométese na loita contra o machismo e contra o sistema  
44 patriarcal que se sustenta na propiedade privada e que se dá baixo as relacións de  
45 produción capitalistas, combatendo tanto no seo da organización, como no mundo  
46 laboral, o sexismo e as actitudes e comportamentos que sustentan e amparan a vio-  
47 lencia machista.

## Redacción actual dos estatutos aprobados no VI Congreso - 2013

1

2

3

4

5

6

### 7 **Artigo 1**

8 A Confederación Intersindical Galega (en siglas, CIG) é unha organización sindical dos traba-  
9 lladores e das traballadoras galegas, constituída para a mellor defensa dos seus intereses, desde  
0 unha perspectiva de clase que aspira a unha Galiza plenamente soberana e sen explotación.  
11 A CIG exprésase en galego, que defende como único idioma oficial de Galiza e promove a súa  
12 completa normalización. Respecta o uso das distintas formas da escrita entre a súa afiliación.

13

### 14 **Artigo 8**

15 Os traballadores autónomos, así como os socios de cooperativas e de sociedades anóni-  
16 mas laborais ou asimiladas que non teñan traballadores ou traballadoras asalariadas ao seu  
17 cargo, poderán participar na CIG nos termos que determine o Consello confederal. Igualmente  
18 aprobará a fórmula de adhesión especial con que poidan vincularse os traballadores e as  
19 traballadoras galegas residentes no exterior.

20

### 21 **Artigo 11**

22 O afiliado ou a afiliada poderá causar baixa na CIG polas seguintes causas:

23 a) A petición propia.

24 b) Por non aboar a cota nos tres primeiros meses desde a formalización da ficha de afiliación.

25 c) Por non aboar a cota durante seis meses sen alegación dunha causa xustificada; neste  
26 caso poderá producirse o reingreso sen perda dos dereitos de antigüidade tras pagamento  
27 previo das cotas que se deban e sempre que non transcorresen máis de doce meses.

28 d) Por deixar de reunir as condicións requiridas nos artigos 7 e 8 destes Estatutos.

29 e) Por sanción.

30 f) Participar en candidaturas doutras organizacións sindicais nas eleccións sindicais en  
31 concorrencia coas da CIG.

32 A reincorporación á CIG de quen causase baixa por sanción requirirá informe favorábel  
33 previo do Secretariado Confederal, despois de consultar cos organismos afectados.

34 Calquera das partes implicadas no proceso, en caso de desacordo coa decisión tomada,  
35 poderá recorrer ao Consello Confederal.

36

### 37 **Artigo 12**

38 Son dereitos dos afiliados e das afiliadas da CIG os seguintes:

39 a) Participar na CIG en igualdade de condicións que os demais membros.

30 b) Garantía da súa liberdade de expresión interna e de respecto ás súas ideas.

41 c) Elixir e ser elixido para calquera cargo ou para calquera ámbito de representación.

42 d) Ter acceso aos locais sociais, á documentación e ás publicacións da CIG.

43 e) Ser axudado en caso de represión por pertencer á CIG ou polo exercicio da actividade sindical.

44 f) Utilizar os servizos técnicos sindicais de que dispoña a CIG.

45 g) Acceder ás prestacións de servizos complementarios de que dispoña a CIG, nas condi-  
46 cións e cos requisitos que se establezan no seu réxime de xestión, que en ningún caso  
47 poderán supor discriminación dos dereitos subxectivos dos afiliados e das afiliadas.

- 1 h) Dereito a formar e organizarse dentro da Central Sindical, en colectivos afín aos seus  
 2 ideais, sempre que non contravenían os principios organizativos e programáticos dos  
 3 que se dote a Confederación.

4

### 5 **Artigo 13**

6 Son deberes dos afiliados e das afiliadas os seguintes:

- 7 a) Aboar a cota regulamentariamente establecida.  
 8 b) Respeitar os Estatutos, os regulamentos e o programa da CIG, tanto no ámbito confe-  
 9 dederal como nos sectoriais correspondentes, e acatar os acordos validamente adoptados  
 0 polos órganos de goberno confederais, sectoriais e territoriais.  
 11 c) Participar, na medida das súas posibilidades, nas actividades da CIG.

12

### 13 **Artigo 31**

14 Na CIG confedéranse actualmente os sindicatos ou federacións correspondentes á  
 15 seguinte clasificación de sectores:

- 16 01 Administración Pública  
 17 02 Banca, Aforro, Seguros e Oficinas  
 18 03 Construción e Madeira  
 19 04 Ensino  
 20 05 FGAMT  
 21 06 Metal  
 22 07 Químicas e Enerxía  
 23 08 Saúde  
 24 09 Servizos

25 Dúas ou máis destas Federacións constituídas poderán fusionarse para constituíren unha  
 26 nova que substitúa en todo as orixinarias, previo acordo de senllos Congresos extraordinarios.

27 Así mesmo, poderá constituírse unha nova Federación cando se cumpran os seguintes  
 28 requisitos e procedemento:

- 29 1. Que o sector da nova federación conte cun mínimo de 5.000 afiliados e afiliadas; para  
 30 estes exclusivos efectos, terase en conta o listado nominal da afiliación coas cotas ao día.  
 31 2. No caso de que a nova federación sexa produto da segregación dun ou varios sectores  
 32 de actividade dunha ou de varias das federacións existentes, acordo en Congreso destas.  
 33 En calquera dos supostos contemplados neste artigo, antes da convocatoria dos respec-  
 34 tivos congresos, solicitarase a opinión do Consello Confederal da CIG para validar o proceso  
 35 por unha maioría de 2/3.

36

### 37 **Artigo 45**

38 A finalidade, competencias, composición e vixencia de tales comisións deberase conter  
 39 no propio acordo do organismo que as cree. Poderán elaborar un regulamento de funcio-  
 30 namento que deberá ser aprobado polo organismo que as creou, do cal dependen orga-  
 41 nicamente para todos os efectos.

42

### 43 **Artigo 51**

44 O Consello Confederal é o máximo órgano de dirección da CIG entre congresos e está  
 45 composto por:

- 46 a) Tanto federacións como comarcas terán dereito a un representante no consello confederal  
 47 por cada 1.000 afiliados e afiliadas ou fracción superior a 500, incluíndo neste cómputo

- 1 o Secretario ou Secretaria Comarcal ou Nacional de Federación. Esta representación  
2 será elixida directamente na asemblea comarcal ou no congreso federal respectivos.  
3 A aplicación efectiva da fracción citada non terá efectos para o primeiro representante a  
4 elixir, para o que haberá que contar con 1.000 afiliados/as.  
5 b) Os membros da Executiva confederal.

6  
7 **Artigo 64**

- 8 A Asemblea da unión comarcal é o máximo órgano da CIG no seu ámbito territorial  
9 específico e está composta por un número de delegados e de delegadas que determinará  
0 a Dirección Comarcal no acordo de convocatoria. Distribuiranse cos seguintes criterios:  
11 a) Son delegados e delegadas natos os membros da Dirección comarcal.  
12 b) A Dirección Comarcal fixará o número de delegados/as para a asemblea comarcal, coa  
13 única limitación de que os membros natos non poderán representar máis do 20% do  
14 total dos delegados/as.

15  
16 **Artigo 67**

- 17 A Dirección Comarcal é o máximo organismo de dirección na comarca entre asembleas,  
18 coa seguinte composición:  
19 a) A Executiva Comarcal.  
20 b) O/A responsábel comarcal de cada sindicato ou federación constituída e un representante  
21 máis por cada 300 afiliados/as ou fracción maior de 150.  
22 A aplicación efectiva da fracción citada non terá efectos para o primeiro representante a  
23 elixir, para o que haberá que contar con 300 afiliados/as.  
24 c) O/A Secretario/a de cada Unión Local constituída.

25  
26 **Artigo 81**

- 27 A condición de membro da Executiva Confederal é incompatíbel coa pertenza a calquera  
28 outro órgano executivo, tanto da Confederación como de Federación. Así mesmo, o exercicio  
29 dos cargos de Secretario ou Secretaria Comarcal dunha U. Comarcal e de Secretario ou  
30 Secretaria nacional dunha Federación é incompatíbel coa pertenza a calquera outro máximo  
31 órgano executivo de comarca, de federación ou confederal.

- 32 A condición de membro da Executiva Confederal e o exercicio dos cargos de Secreta-  
33 rio ou Secretaria Comarcal e de Secretario ou Secretaria nacional dunha Federación leva  
34 implícita a dedicación e a dispoñibilidade preferente a tales cargos.

- 35 Os secretarios/as comarcais de Federación non poderán formar parte da Executiva  
36 Comarcal da Confederación.

- 37 Os cargos de Secretario/a Xeral da Confederación, Secretario/a de Unión Comarcal, Secretario/a  
38 Nacional dunha Federación e os membros da Executiva Confederal, non poderán ser ocupados  
39 por unha mesma persoa por máis de tres mandatos consecutivos. Faise excepción desta regra  
30 no caso do membro da Executiva Confederal que saia electo Secretario/a Xeral, que o pode ser  
41 independentemente dos número de mandatos que leve ocupando cargo na Executiva. Para estes  
42 efectos, comezarán a computar os mandatos que se exerzan a partir da celebración do IV Congreso.

43  
44 **Artigo 90**

- 45 No caso das listas pechadas, as vacantes que se poidan producir serán cubertas polo  
46 candidato ou candidata seguinte da mesma lista. No caso de listas abertas, polo seguinte  
47 en número de votos.

1 **Artigo 91**

2 Os recursos económicos da CIG están constituídos por:

- 3 a) As cotas, tanto ordinarias como complementarias.  
 4 b) As doazóns e legados no seu favor.  
 5 c) As vendas dos seus bens e valores.  
 6 d) Os ingresos por vendas de publicacións.  
 7 e) O patrimonio acumulado ao longo da súa xestión.  
 8 f) Os ingresos por prestacións técnicas e asistenciais.  
 9 g) Os créditos que sexan xestionados.  
 0 h) As subvencións que lle sexan concedidas.  
 11 i) Calquera outros obtidos segundo os Estatutos.

12

13 **Artigo 92**

14 O Consello Confederal aprobará un regulamento financeiro que conteña as normas  
 15 comúns a todos os órganos da CIG en materia de xestión económica e de procedemento  
 16 financeiro, que deberá rexerse, entre outros, polos principios de solidariedade e de equilibrio  
 17 económico entre as diferentes estruturas e que aplicará nas asignacións económicas os  
 18 criterios de actividade asumida e de servizos xerais garantidos. Regulará especificamente:

- 19 a) As normas para a confección e aprobación do orzamento confederal anual.  
 20 b) O réxime de transferencias entre estruturas.  
 21 c) Os procedementos para a homologación contábel interna.  
 22 d) A participación das diferentes estruturas nos ingresos confederais.  
 23 e) O réxime orzamentario básico das estruturas territoriais e sectoriais.  
 24 f) O sistema de responsabilidades.  
 25 g) A determinación da cota.  
 26 h) A creación, composición e funcións dun órgano responsábel do control de contas co cometido  
 27 principal de auditar internamente as contas das diferentes estruturas da CIG e a obriga de  
 28 elaborar un Informe anual que presentará para a súa aprobación no Consello Confederal.  
 29 i) As sancións aplicábeis en materia de subvencións confederais ás diferentes estruturas  
 30 cando incumpran as normas do Regulamento.

31

32 **Artigo 93**

33 En resposta ao principio de solidariedade, a cota sindical da CIG queda establecida en  
 34 función dos ingresos de cada afiliado/a nas catro modalidades que a seguir se relacionan:

- 35 a) Cota ordinaria: ingresos brutos iguais ou superiores ao dobre do SMI (Salario mínimo  
 36 interprofesional).  
 37 b) Cota especial: ingresos brutos iguais ou superiores ao SMI e até o dobre deste.  
 38 c) Cota reducida: ingresos brutos inferiores ao SMI, pensionistas non activos con ingresos  
 39 brutos iguais ou superiores ao SMI.  
 30 d) Cota simbólica: afiliación sen ingresos e pensionistas non activos con ingresos inferiores ao SMI.

41

42

**Disposicións Adicionais**

43 **Segunda.- Da afiliación**

44 Para efectos orzamentarios e de exercicio da representación interna que corresponda,  
 45 enténdese a condición de afiliado ou afiliada como sinónima de cotizante. Para a súa  
 46 determinación nun período utilizarase a fórmula:  $A = N / 0,8 C$  sendo N o total de ingresos  
 47 por cotas nos doce meses anteriores e C o importe da cota vixente no mesmo período.

1 **Cuarta.- Da participación da muller**

2 Para lograr a participación de ambos os sexos en todos os órganos de goberno, as can-  
3 didaturas nas que a afiliación de mulleres sexa igual ou superior ao 30% da súa afiliación  
4 total gardarán a proporción 60/40 para cada un dos sexos.

5 Naquelas estruturas en que a afiliación de mulleres sexa inferior ao 30%, as candidaturas  
6 incorporarán como mínimo un número de mulleres proporcional ao mesmo número de afiliadas  
7 na devandita organización incrementando un 10% do total da afiliación feminina.

8

9 **Quinta.- Da definición sectorial**

0 A adscrición sectorial de empresas xestionadas baixo as novas fórmulas de xestión e  
11 sectores produtivos non relacionados nesta disposición será competencia do Secretariado  
12 Confederal con ratificación posterior por parte do Consello Confederal:

13 **01 Administración pública**

14 Administración central, autonómica, provincial e local, correos e telégrafos, xustiza,  
15 universidades (persoal non docente), xuntas de portos, comisións administrativas de  
16 portos e parques de bombeiros.

17 **02 Banca, aforro, seguros e oficinas**

18 Banca Pública, Banca Privada, Caixas de Aforro, Caixas Rurais, Cooperativas de Crédito, Entida-  
19 des de Financiamento e de Alugamento Financeiros, Seguros e Reaseguros, Bolsa, Sociedades  
20 de Valores e similares, Telemarketing, as TIC, Oficinas e Despachos en xeral como Notarías, Rexis-  
21 tros, Servizos Xurídicos, Colexios Profesionais, Xestorías Administrativas, Auditorías, Asesorías  
22 Fiscais, Axencias Inmobiliarias, Axencias de Publicidade, Oficinas de Selección e Colocación de  
23 Persoas, Oficinas Técnicas de Arquitectura ou Enxeñeiras e outras entidades de natureza similar.

24 **03 Construción e madeira**

25 Obras públicas, construción, cementos e derivados, tellas e tixolos, lousas, aplicación de pintu-  
26 ras, xesos e escaiolas, mármore e pedras, canteiras, vidro e cerámica, fabricación de mobles,  
27 aglomerados, serradoiros, almacenistas de madeira, carpintaría, ebanistaría, carpintaría de ribeira.

28 **04 Ensino**

29 Ensino público e privado, investigación universitaria, universidades e autoescolas.

30 **05 FGAMT**

31 Agro, gandaría, pensos compostos, matadoiros, explotación forestal, granxas, piscifacto-  
32 rías, industrias alimentarias, frío industrial, conservas cárnicas e de peixe, caza, frigoríficos e  
33 bebidas, depuradoras, confección téxtil, coiros, calzado, pel, xéneros de punto e empresas  
34 auxiliares; pesca, marisqueo, empresas de estiba e desestiba, cultivos mariños, mariña  
35 mercante, axencias marítimas e consignatarias; transporte de viaxeiros e de mercadorías  
36 por calquera medio agás o marítimo, axencias de alfándegas, mensaxeiros, estacións de  
37 autobuses e mercadorías, aparcamentos e garaxes, gasoleiras, ambulancias, telecomu-  
38 nicacións e telefónica; e a produción de enerxías alternativas (eólica, solar, etc.).

39 **06 Metal**

30 Fundición, fabricación de maquinaria, bens de equipo, material eléctrico e electrónico,  
41 vehículos, construción e reparación naval, siderurxia, metalográfica, instalacións metá-  
42 licas, talleres mecánicos, manufacturados metalúrxicos e todos aqueles que aparecen  
43 reflectidos no artigo "Ámbito de aplicación" dos catro convenios provinciais do metal.

44 **07 Químicas e enerxía**

45 Centrais enerxéticas, refinarías, extracción de minerais, empresas de distribución ener-  
46 xética, plásticos, cauchos, papel, pasta e cartón, artes gráficas, fertilizantes, pesticidas,  
47 desperdicios sólidos, laboratorios, pinturas, xabóns e pirotecnias.

**1 08 Saúde**

2 Sanidade pública e sanidade privada.

**3 09 Servizos**

4 Comercio de froitas, comercio do téxtil, do metal, da pel, do vidro plano, de materiais de constru-  
5 ción, de mobles e de alimentación, grandes almacéns, drogarías, farmacias, bazares, florarías,  
6 librarías, hostalaría, axencias de viaxe, medios de comunicación públicos ou privados, estudos  
7 fotográficos, cinema, teatros, músicos, espectáculos, dobraxe e son, deportes, bibliotecas,  
8 museos, salas de xogos, casinos, administracións de lotarías, perrucarías, tinturarias, lavanda-  
9 rías, limpeza, predios urbanos, pompas fúnebres, xardinaría, clubs e sociedades recreativas,  
0 seguridade privada e empregadas do fogar.

11 Os sectores de actividade non citados nesta disposición adscribiranse segundo criterios  
12 de analoxía.

13 Para estes efectos, as empresas con capital público maioritario, así como aquelas empresas  
14 xestionadas mediante novas fórmulas de xestión (consorcios, fundacións...) e que a súa ac-  
15 tividade principal sexa a prestación dun servizo público, estarán adscritas ás federacións da  
16 Área Pública, adxudicándose a cada unha delas en función da actividade que realizan. En  
17 caso de discrepancia, será o Secretariado Confederal o que decida, o cal será ratificado polo  
18 Consello Confederal. A readxudicación das empresas afectadas polo aquí exposto farase unha  
19 vez rematados os procesos congresuais e nunca máis tarde do 30 de xuño de 2010.

20

**21 Disposicións Transitorias**

22

**23 Primeira**

24 O Consello Confederal da CIG articulará as medidas posíbeis, de carácter organizativo,  
25 con aquelas comarcas ou federacións que no prazo de catro anos non alcancen os 5.000  
26 afiliados/as.

27

**28 Segunda.- Das asembleas das estruturas territoriais**

29 As estruturas territoriais da CIG deberán realizar as súas asembleas comarcais no prazo  
30 máximo do 30 de xuño de 2013. Aquelas estruturas que por circunstancias especiais non  
31 puidesen realizalas antes desa data, solicitarán o seu adiamento ao Consello confederal.

32 Ás estruturas, tanto territoriais como sectoriais, que non convoquen o seu proceso con-  
33 gresual ou asembleario por remate de mandato, conforme aos Estatutos, sen causa xustifi-  
34 cada e ratificada polo Secretariado Confederal, aplicaráselles o regulado no artigo 106 dos  
35 presentes Estatutos até o momento da realización do proceso congresual ou asembleario.

36

**37 Terceira.- Da aplicación do réxime de incompatibilidades de cargos**

38 A aplicación individual das incompatibilidades reguladas no artigo 81 destes Estatutos  
39 entre membros da Executiva Confederal e membros dos órganos executivos dunha fede-  
30 ración ou dunha comarca terá efectos a partir da celebración do Congreso ou Asemblea  
41 correspondente.

42 O mesmo prazo máximo rexerá para a aplicabilidade individual das demais incompati-  
43 bilidades establecidas no mesmo artigo 81.

44

45

46

47



**Confederación Intersindical Galega**

---